

Programa de fomento do parque público de vivenda de aluguer

Descrición	O obxecto deste programa é o fomento da creación dun parque público de vivenda protexida para aluguer sobre solos ou edificios de titularidade pública.
Características	<ul style="list-style-type: none">• A súa superficie útil non poderá exceder de 90 m².• Poderán ser vivendas de nova construción ou procedentes da rehabilitación de edificios públicos.• O réxime de aluguer haberá de manterse por un prazo mínimo de 50 anos dende a cualificación definitiva.• Polo menos o 50% destinarase a aluguer en rotación, sempre que o resto se cualifique como aluguer protexido.
Tipos de vivendas	<p>Vivenda de aluguer en rotación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Para ser alugadas a unidades de convivencia con ingresos totais de ata 1,2 veces o IPREM, sumando os de todos os que vaian a residir habitual e permanente na vivenda.• O aluguer debe ser en rotación e con unha renda máxima de 4,7€ mensuais por metro cadrado de superficie útil, máis un 60% da devandita contía por m² de garaxe ou anexo á vivenda. <p>Vivenda de aluguer protexido:</p> <ul style="list-style-type: none">• Para ser alugadas a unidades de convivencia con ingresos totais entre 1,2 e 3 veces o IPREM, sumando os de todos os que vaian residir habitual e permanente na vivenda.• Renda máxima de 6€ mensuais por metro cadrado de superficie útil de vivenda, máis un 60% da devandita contía por m² de garaxe ou anexo á vivenda.
Beneficiarios	Administracións públicas, organismos públicos, entidades públicas, empresas públicas, sociedades mercantís, fundacións, asociacións declaradas de utilidade pública, ONG, entidades privadas con ou sen ánimo de lucro.
Axuda	<ul style="list-style-type: none">• Proporcional á superficie de cada vivenda, sen incluír anexos, ata un máximo de 250 €/metro cadrado útil.• Límite da subvención: 30% do custo subvencionable da actuación e como máximo 22.500€/ vivenda.• É compatible coas axudas doutras administracións públicas.